

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE LOURENZÁ DUN TRAMO ANTIGO DA ESTRADA LU-122, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO (DPV), NO LUGAR DE OURAL

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Javier Huertas Otero, na súa condición de alcalde en funcións do Concello de Lourenzá, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Lourenzá solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada autonómica LU-122, Paraxes-Lourenzá, situado na marxe dereita do p.q. 25+170, no lugar de Oural. Debido a modificación do trazado da estrada LU-122, este treito antigo quedou en desuso, e o seu servizo limitouse ás edificacións e veciños situados nesa marxe.

Este treito antigo tivo unha lonxitude de 235 m que, actualmente, pola implantación dunha especie de zona de lecer ou zona verde con mesas, bancos e árbores, quedou reducido a unha lonxitude menor de plataforma asfaltada (190 m). Polo tanto, considerando todo o que foi treito antigo da actual LU-122, iría desde o actual p.q. 25+350 MD da LU-122 (sen acceso) ata o actual p.q. 25+590 MD da LU-122 (con acceso). Así mesmo, a delimitación do DPV que se vai transferir axústase á totalidade da zona de lecer e ao contorno de explanación da actual LU-122.

Este treito antigo carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de



administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 33/2025 do 12 de maio, (DOG núm. 97 do 22 de maio de 2025), a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Lourenzá do treito antigo da estrada LU-122, xunto co seu dominio público viario, no lugar de Oural, parroquia de San Tomé.

De acordo co establecido no artigo 2 do Decreto 33/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Lourenzá do treito antigo da estrada LU-122, xunto co seu dominio público viario, no lugar de Oural, parroquia de SanTomé:

Nº	Denominación	Inicio en	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Final en	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)	Superficie DPV (m²)
1	Treito antigo da LU-122 en Oural	25+350 MD LU-122 (sen acceso)	x = 637.374 y = 4.808.656	25+590 MD LU-122	x = 637.143 y = 4.808.628	236	3.748

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretaria Xeral, Yago Borrajo Sánchez

O alcalde en funcións do Concello de Lourenzá, Javier Huertas Otero

ANEXO I . PLANOS



637.200

637.400

4.808.800

4.808.800

4.808.600


4.808.600

4.808.400

4.808.400

637.200

637.400



Nº	Treito a transferir	Lonx.(m)
1	Treito antigo solicitado polo Concello	236

P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio pk 25+350 MD LU-122 (sen acceso)	637.374	4.808.656
Final pk 25+590 MD LU-122	637.143	4.808.628

Transferencia a prol do Concello de Lourenzá dun treito antigo da LU-122, no lugar de Oural, xunto co seu DPV.

- Eixo viario treito antigo obxecto de transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

1:2.000

637.200

637.400

4.808.800

4.808.800

4.808.600


4.808.600

4.808.400

4.808.400

637.200

637.400



1:2.000

Nº	Treito a transferir	Lonx.(m)
1	Treito antigo solicitado polo Concello	236

Nº	Superficie DPV a transferir	Área (m2)
1	Franxa de DPV do treito antigo solicitado polo Concello	3.748

P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio pk 25+350 MD LU-122 (sen acceso)	637.374	4.808.656
Final pk 25+590 MD LU-122	637.143	4.808.628

Transferencia a prol do Concello de Lourenzá dun treito antigo da LU-122, no lugar de Oural, xunto co seu DPV.

- Eixo viario treito antigo obxecto de transferencia ao Concello
- Puntos quilométricos da transferencia
- Superficie orientativa do DPV obxecto de transferencia ao Concello (deslinde SP-LU)
- Eixo viario autonómico
- Fito quilométrico autonómico
- Líña de DPV resultante da LU-122 (SP-LU)